

Protagonistas dun novo futuro

Dende tempos remotos, a humanidade cultiva o desexo de coñecer o futuro, a través de ritos máxicos ou da interpretación dos signos da natureza. Algunhas das máis grandes obras da Antigüedade das diversas culturas e relixións están marcadas por esta tensión. A miúdo nacen nos períodos históricos de maior sufrimento dun pobo.

Pero é realmente útil saber que sucederá? Que nos ofrece o coñecer de antemán os acontecementos que viviremos, ou a maneira en que os viviremos? Ningunha das tradicións lendarias revélaos plenamente e, máis a miúdo, o simbolismo oculta unha procura moi concreta e a espera dun mañá mellor que dea sentido aos sufrimentos de hoxe.

Podería dicirse que, cando as cousas van ben, o futuro non nos preocupa; mentres que cando van mal, sostennos e anímanos a esperanza de que mañá poidan cambiar para mellor. É a necesidade profunda de esperar un mundo novo, diferente, non só para min, senón para todos.

O mundo de hoxe expresa un “berro” que concierne a toda a humanidade. Aínda que non nos afecte directamente, basta con mirar os informativos ou mirar os xornais para darnos conta de traxedias de todo tipo. Como as vivimos nós? Afacémonos e tratamos de sobrevivir ou pola contra, deixámonos interpelar polo futuro e actuamos en consecuencia?

O mundo que imaxinamos, certamente, aínda non existe; e, con todo, como lembraba George Orwell, é posible. Pero cal, entre os posibles mundos? Que podemos facer nós? Unha resposta atopámola no pensamento de Albert Camus: «A verdadeira xenerosidade cara ao futuro consiste en dalo todo ao presente»¹.

O futuro, por tanto, non é só algo que hai que esperar, senón que pode prepararse e, de certo xeito, anticiparse xa dende agora. Depende da nosa actitude e das nosas accións cotiás. Non sabemos cando veremos os froitos do cambio: é como unha semente silenciosa que medra sen que nos deamos conta e que, co tempo, convértese nunha planta capaz de nutrir, protexer e xerar vida ao seu redor.

A sorpresa é que non podemos imaxinar as consecuencias: a novidade está garantida. Será un futuro imprevisible, nacido de relacións transformadas, de sentimentos compartidos e dunha solidariedade que se fai acción.

Para converterse en motor de cambio e de renovación da sociedade necesítase valentía, deixarse interpelar por quen sofre, por quen está só, por quen necesita a nosa axuda ou o noso consello. Non estaremos exentos de dificultades e de loitas interiores, pero tampouco faltarán momentos de alegría e de auténtica plenitude.

Recentemente, en Florencia, tivo lugar un evento para sensibilizar e implicar aos participantes nunha caravana de fraternidade: unha ocasión para reflexionar e compartir experiencias sobre como construír un futuro de paz desde distintos ámbitos: económico, sindical, reconversión industrial, ecolóxico etc. Unha acción que se quere estender como unha mancha de aceite a outras cidades e países.

¹ L’Homme révolté, 1951

Ánimo! Sexamos actores e non espectadores para que o futuro sexa un presente de fraternidade, concordia e paz.